

X 7

Buenos Aires, 18 de Xulie de 1959.

Sr.D.

Ramón Piñeiro.

Santiago de Compostela .

Querido Piñeiro: Alegreime moito que te tivese gostado o meu álbum de grabados en madeira, "Doce Cabezas". Un distes días envíoches outro de dibuxos moitos déles xa tí os coñeces, titulado "Figurando recuerdos" que o edita Citania. Xa me dirás a tua opinión. Non recibín a separata de que me falas na tua carta. Tivese querido recibila, mais é seguro que se perdeu noz correio, pois a outra xente deiquí fai moito que a recibiu. Tamén gostaríanos editar en Citania algún traballo inédito teu. Dime si é posible. Eu teño persoal intrés en facer unha edición dunha obra tua e outra de García Sabell. Istes días dal unha monografía de Del Riego, "Galicia y nuestro tiempo", e un pequeno libro de poemas de Emilio Pita ademais do libro meu. A parte entrecemillada da tua carta non quero contestarcha. Simplemente prégeche que non me supañas filiacións políticas ás que son alleo. É hora de que vos decatades de que estades en plena confusión con respecto a nós e que a política cultural que facedes brillantemente e coa nosa admiración, iniciéina eu en Buenos Aires sin mais programa que o da cultura galega arredor de 1940, coma tí deberías sabere, aínda que non per mín que nunca falei disto. Son boa proba os libros das editorías que fundei e a acción cultural do Centro Galego, onde durante moitos anos traballei seio. Si tés amigos progresistas eu tamén os teño. E dos outros, dos contrarios, en tanta cantidade como dos primeiros, e aquí respétanme hexe tanto uns coma os outros i eu estímooes coma persoas e pol-a sua obra, aínda que non compartas as suas ideias. Pense que ista é a posición humán dun galeguista. Dígeche isto pra que non insistas en trocar a miña posición con ~~hipótesis~~ supostas ~~e~~ desconfianza que non veñen ao noso caso. A min non me arredan as posicións ideolóxicas, o que me arredan son as condutas; dunha persona, o que mais estimo é a sua conduta humán. Si che parece inxénue isto, déixao, mais teño que decircho poste que estimo moito a tua amizade e a tua obra, con ninguén en Galiza me sinto mais vinculade que a tí e aos amigos comís. Fálame de tí e da tua obra que son as cousas que me intresa dun xeito coma non sei expresale. Quixera que non houbera mal entendidos entre nós. Con saúdes a tua dona recibe unha forte aperta garimosa de: